

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN FIARE GALIZA

CAPÍTULO PRIMEIRO

ARTIGO 1

Co nome de FIARE GALIZA, constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro, que se acolle ao disposto na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Esta Asociación rexerese polos presentes Estatutos, polo Regulamento de Réxime Interno que se aprobe, polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno, pola citada Lei do Dereito de Asociación, polas disposicións que a complementen ou desenvolvan e, en definitiva, pola normativa legal vixente en cada momento.

ARTIGO 2

A asociación terá como obxecto principal da súa existencia o traballo e apoio á implantación na Comunidade Autónoma de Galicia dunha proposta concreta de intermediación financeira ética para Galicia.

Deste xeito, os fins desta Asociación son:

- a) Apoio á implantación e desenvolvemento do Proxecto Fiare no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A agrupación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia de intereses individuais e colectivos na participación na futura creación dunha Cooperativa de crédito que funcione baixo os criterios da banca ética.

Para a consecución de ditos fins levaranse a cabo as seguintes actividades:

- a) Recabar os apoios e fondos necesarios no marco da Comunidade Autónoma de Galicia para o bo fin do Proxecto FIARE.
- b) Planificar e desenvolver tarefas de sensibilización sobre as finanzas éticas en xeral e sobre o Proxecto Fiare como proposta concreta de intermediación financeira ética para Galicia.

Sen prexuízo das actividades descritas no apartado anterior, a Asociación, para o cumprimento dos seus fins poderá:

- c) Desenvolver actividades económicas de todo tipo, encamiñadas á realización dos seus fins ou a achegar recursos con ese obxectivo.
- d) Adquirir e posuír bens de todas clases e por calquera título, así como celebrar actos e contratos de todo xénero.
- e) Exercitar toda clase de accións conforme ás Leis ou aos seus Estatutos.

ARTIGO 3

O domicilio social desta Asociación estará situado na rúa San Roque, 6, Santiago de Compostela, 15704 (A Coruña) e poderá crear outras sedes adicionais.

A Asociación poderá dispor doutros locais no ámbito da Comunidade Autónoma, cando o acorde a Asemblea Xeral.

A modificación do domicilio social e a apertura ou cambio doutros locais con que conte a Asociación, serán acordados pola Xunta Directiva, que deberá comunicarlle estes cambios á Asemblea Xeral.

ARTIGO 4

O ámbito territorial no que desenvolverá principalmente as súas funcións comprende a Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 5

A Asociación constitúese por tempo indefinido, comezando as súas operacións a partir da adquisición legal da súa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar. Só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria segundo o disposto no Capítulo VII ou por calquera das causas previstas nas Leis.

ARTIGO 6

A organización interna e o funcionamento da Asociación deberán ser democráticos, con pleno respecto ao pluralismo. Serán nulos de pleno dereito os pactos, disposicións estatutarias e acordos que descoñezan calquera dos aspectos inherentes ao dereito fundamental de asociación.

CAPÍTULO SEGUNDO

ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 7

O goberno e administración da Asociación estarán a cargo dos seguintes órganos colexiados:

- A Asemblea Xeral de Persoas e Entidades Sociais, como órgano supremo.
- A Xunta Directiva, como órgano colexiado de dirección permanente.

SECCIÓN 1ª A ASEMBLEA XERAL

ARTIGO 8

A Asemblea Xeral, integrada pola totalidade de persoas e entidades sociais (a partir de agora, *persoas sociais*), é o órgano de expresión da vontade destas.

Son facultades da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar o plan xeral de actuación da Asociación.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais e o orzamento do exercicio seguinte.
- c) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- d) Elixir as persoas membros da Xunta Directiva.
- e) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- f) Aprobar e modificar os Estatutos.
- g) Aprobar e modificar o Regulamento de Réxime Interno.
- h) Disolver a asociación.

- i) Acordar a integración en federacións e confederacións con outras asociacións ou abandonar algunhas delas.
- l) Dispor ou allear bens.
- m) Acordar, se é o caso, a remuneración das persoas que son membros dos órganos de representación.
- n) Calquera outra competencia non atribuída a outro órgano social.

ARTIGO 9

A Asemblea Xeral reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias.

ARTIGO 10

A Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, cando menos unha vez ao ano, dentro do primeiro semestre, co fin de adoptar os Acordos previstos no artigo 8 a), b) e c).

ARTIGO 11

A Asemblea Xeral reunirse en sesión extraordinaria cando así o acorde a Xunta Directiva, ben por propia iniciativa, ou porque o solicite o 30% das persoas socias, indicando os motivos e o fin da reunión e, en todo caso, para coñecer e decidir sobre as seguintes materias:

- a) Modificacións Estatutarias.
- b) Disolución da Asociación.

En todo caso, para o suposto de modificacións estatutarias, estarase aos requisitos de convocatoria regulados no artigo 39 dos presentes estatutos.

ARTIGO 12

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos que haxa que tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración das Asembleas Ordinarias en primeira convocatoria terán que mediar como mínimo quince días, agás no caso das Asembleas Extraordinarias, que será dun mínimo de cinco días. Tamén se poderá facer contar, se procedera, a data e a hora da reunión da Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

ARTIGO 13

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a ela polo menos a metade das persoas socias con dereito a voto e en segunda convocatoria coas persoas ou entidades asociadas con dereito a voto presentes.

ARTIGO 14

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos. Non obstante, será precisa a maioría cualificada das persoas presentes -que resultará cando os votos afirmativos superen a metade dos validamente emitidos- para os acordos relativos á disolución da asociación, á modificación dos Estatutos e á disposición ou alleamento de bens e remuneración das persoas que son membros do órgano de representación.

SECCIÓN SEGUNDA. A XUNTA DIRECTIVA

ARTIGO 15

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da asociación, de acordo coas disposicións e directrices da Asemblea Xeral. Só poderán formar parte do órgano de representación as persoas socias.

A Xunta Directiva estará integrada por un número impar de membros: 5 como mínimo e 11 como máximo, que ocuparán o seguintes cargos: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e, cando menos, unha vocalía.

ARTIGO 16

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral e durarán un período de 3 anos, salvo revogación expresa daquela. Poderán ser reelixidos dúas veces.

ARTIGO 17

Para pertencer á Xunta Directiva serán requisitos indispensables:

- a) Ser persoa física, maior de idade e gozar da plenitude dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.
- b) Ser designado na forma prevista nos Estatutos.
- c) Ser persoa da Asociación.

ARTIGO 18

O cargo de persoa membro da Xunta Directiva asumirase cando, unha vez designado pola Asemblea Xeral, se proceda á súa aceptación ou cando se reúna a Xunta Directiva por primeira vez.

Os cargos da Xunta Directiva non serán remunerados, sen prexuízo das indemnizacións que lles correspondan polos gastos ocasionados. A Asemblea Xeral poderá establecer, se é o caso, o aboamento de dietas e gastos das persoas que son membros da Xunta Directiva.

ARTIGO 19

As persoas que son membros da Xunta Directiva cesarán nos seguintes casos:

- a) Expiración do prazo de mandato.
- b) Dimisión.
- c) Cese na condición de persoa socia.
- d) Incursión en causa de incapacidade.
- e) Revogación acordada pola Asemblea Xeral en aplicación do previsto no parágrafo cuarto deste artigo e no artigo 16 dos presentes Estatutos.
- f) Falecemento, enfermidade ou calquera causa que impida o exercicio das súas funcións.

Cando se produza o cese pola causa prevista no apartado a), as persoas que son membros da Xunta Directiva continuarán en funcións ata a celebración da primeira Asemblea Xeral, que procederá á elección dos novos cargos.

Nos supostos b), c), d), e) e f), a propia Xunta Directiva proverá a vacante mediante nomeamento provisional, que será sometido á Asemblea Xeral para a súa ratificación ou revogación e procederá, neste último caso, á designación correspondente.

A falta de asistencia ás reunións sinaladas, de calquera das persoas que son membros da Xunta Directiva, durante 3 veces consecutivas ou 6 alternas sen causa xustificada, dará lugar ao cese no cargo respectivo.

ARTIGO 20

As funcións da Xunta Directiva son:

- a) Dirixir a xestión ordinaria da Asociación, de acordo coas directrices da Asemblea Xeral e baixo o seu control.
- b) Programar as actividades que vaia desenvolver a Asociación.
- c) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de gastos e ingresos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Confeccionar a Orde do Día das reunións da Asemblea Xeral e acordar a convocatoria das Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- e) Atender as propostas ou suxestións que formulen as persoas socias e adoptar a este respecto as medidas necesarias.
- f) Interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno e cubrir as súas lagoas.
- g) Acordar a admisión e/ou separación das persoas socias.
- h) Designar as Delegacións e Comisións e a súa composición, creadas para a mellor realización das actividades da Asociación.
- i) Nomear e separar o persoal que sexa preciso para a atención dos servizos da Asociación, determinando as súas funcións e posible remuneración e outorgándolles, se é o caso, os poderes necesarios para o desempeño dos seus servizos.
- l) Designar unha persoa ou entidade auditora de contas cando se estime necesario.
- m) Acordar interpoñer ante os órganos competentes toda clase de accións xurídicas e recursos e, en xeral, defender en todos os órganos os intereses da Asociación.
- n) Autorizar a Presidencia para outorgar poderes de representación (xudiciais, notariais, administrativos ou doutro tipo) tan amplos como fosen necesarios para as iniciativas que o requiran para o bo fin da asociación. Esta autorización e o poder correspondente comunicaránselles ás persoas socias.
- o) En xeral, exercitar aquelas competencias que lle outorgue a Asemblea Xeral mediante Acordo expreso, sempre que non sexan da súa exclusiva competencia.

ARTIGO 21

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine a Presidencia, ou a Vicepresidencia no seu caso, ben a iniciativa propia, ou a petición de, polo menos, dous dos seus compoñentes. Será presidida pola persoa que ostenta o cargo de Presidente/a e, na súa ausencia, pola que ostenta o de Vicepresidente/a. Se faltaran as dúas, presidirá a persoa membro da Xunta que teña máis idade.

Deberá reunirse, cando menos, unha vez ao trimestre e sempre que o esixa o bo desenvolvemento das actividades sociais.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría de votos das persoas asistentes, requeriéndose a presenza da metade das persoas membros.

A Secretaría ou outra persoa designada para esta tarefa redactará unha acta das sesións, que se transcribirá ao Libro correspondente.

ARTIGO 22

A Presidencia da Asociación asume a representación legal da asociación e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, cuxa presidencia ostentará respectivamente.

ARTIGO 23

Corresponderanlle á Presidencia as seguintes facultades:

- a) Convocar e rematar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra e decidir un voto de calidade no caso de empate de votacións.
- b) Proporlle o plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Resolver as cuestións que poidan xurdir con carácter urxente e informar disto á Xunta Directiva na primeira sesión que se celebre.
- d) Ocupar a presidencia nas reunións da Xunta Directiva.
- e) Ostentar a representación da Asemblea ante toda clase de autoridades, tribunais, organismos públicos e/ou privados, en xuízo ou fóra del.
- f) Subscribir conxuntamente coa Secretaría toda clase de certificacións que deban ser expedidas pola Asociación.
- g) Interpoñer, co acordo previo da Xunta Directiva, reclamacións, excepcións e recursos legais ante calquera xurisdición e exercer accións.
- h) Coordinar e impulsar as actividades da Asociación.
- i) Outorgar, co permiso da Xunta Directiva, poderes de representación (xudiciais, notariais, administrativos ou doutro tipo), tan amplos como fosen necesarios, para as iniciativas que o requiran para o bo fin da asociación.
- l) Exercitar aquelas competencias que lle outorgue a Asemblea Xeral mediante Acordo expreso, sempre que non sexan da súa exclusiva competencia.

ARTIGO 24

As funcións da Vicepresidencia son as seguintes:

- a) Asistir e colaborar en todo momento coa Presidencia.
- b) Substituír a Presidencia e asumir as súas funcións en caso de imposibilidade temporal, renuncia, falecemento, etc., e o desempeño do seu cargo.
- c) Exercer cantas facultades lle delegue a Presidencia, a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.

ARTIGO 25

As funcións da Secretaría son as seguintes:

- a) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
- b) Levar o ficheiro e o Libro de Rexistro de Socios.
- c) Atender a custodia e a redacción do Libro de Actas.
- d) Velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións.
- e) Custodiar a documentación oficial da Entidade.
- f) Certificar o contido dos Libros e arquivos sociais.
- g) Facer que se cursen nos rexistros oficiais as comunicacións preceptivas sobre designación de Xuntas Directivas e cambios de domicilio social.
- h) Ser o/a delegado/a da Xunta Directiva en materia de persoal.

ARTIGO 26

A persoa que ostenta o cargo de Tesourería realizará as seguintes funcións:

- a) Ordenar, coa supervisión da Presidencia, os pagamentos validamente acordados.
- b) Levar ou facer levar os libros de contabilidade que sexan precisos.

- c) Dar a coñecer os ingresos e pagamentos efectuados.
- d) Formalizar o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentados á Xunta Directiva para que esta, á súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.
- e) Abrir, seguir e cancelar, co Visto e prace da Presidencia, contas correntes, á vista e de crédito e dispor delas.

CAPÍTULO TERCEIRO

DAS PERSOAS SOCIAS

SECCION 1ª Admisión, separación e clases de persoas socias

ARTIGO 27

Poden ser persoas membros da Asociación aquelas persoas físicas ou xurídicas que así o desexen e reúnan os requisitos seguintes:

- **Persoa física:**

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter capacidade de obrar.
- c) Asumir por escrito os fins da Asociación.
- d) Subscribir os estatutos desta Asociación e o Regulamento Interno de funcionamento, así como o manifesto e argumentario que desenvolva esta Asociación.
- e) Coñecer e aceptar como propio o Proxecto FIARE.
- f) Comprometerse por escrito a traballar activamente polos fins da asociación e a participar activamente nas súas actividades.

- **Persoa xurídica:**

- a) Ter personalidade xurídica e capacidade de obrar.
- b) Asumir por escrito os fins da Asociación.
- c) Reflectir nos seus estatutos fins e obxectivos que sexan acordes á visión e misión da Asociación e que no sexan contraditorios cos desta.
- d) Coñecer e aceptar como propio o Proxecto FIARE.
- e) Comprometerse por escrito a traballar activamente polos fins da asociación e a participar activamente nas súas actividades.

ARTIGO 28

Quen desexen pertencer á Asociación solicitarano por escrito á Xunta Directiva co aval de, cando menos, dous membros da Asociación, agás no caso dos membros fundadores. No suposto de persoas xurídicas, xunto coa solicitude, achegarán:

- a) Orixinal e copia dos Estatutos.
- b) Certificación do organismo competente acreditativo da inscrición no Rexistro que corresponda.
- c) Certificación do acordo onde conste a vontade de asociarse e de cumprir os Estatutos e que acredite o cumprimento das condicións de admisión antes citadas.

A Xunta Directiva, nas condicións de admisión citadas no artigo 27 decidirá a admisión ou non como persoa socia de pleno dereito. No caso de inadmisión como persoa socia, esta poderá recorrer en alzada tal decisión ante a Xunta Directiva, que trasladará a decisión sobre a admisión ou non como persoa socia á Asemblea Xeral, quen será a competente para decidir en último lugar.

SECCION SEGUNDA Dereitos e deberes das persoas socias.

ARTIGO 29

Toda persoa socia ten dereito a:

- a) Impugnar os acordos e actuacións contrarios á Lei reguladora do Dereito de Asociación ou aos Estatutos, dentro do prazo de 30 días naturais, contados a partir daquel no que o/a demandante coñecera ou tivera oportunidade de coñecer o contido do acordo impugnado.
- b) Ser informado/a acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Coñecer, en calquera momento, a identidade dos demais membros da Asociación, o estado de contas de ingresos e gastos e o desenvolvemento da súa actividade.
- d) Exercitar o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais, podendo conferir, a tal efecto, a súa representación a outras persoas membros, cun límite dunha representación por persoa socia.
- e) Participar, de acordo cos presentes Estatutos, nos órganos de dirección da Asociación. Poderá ser persoa electora e elexible para estes órganos.
- f) Figurar no ficheiro de Persoas e Entidades Socias previsto na lexislación vixente e facer uso do emblema da Asociación, se existira.
- g) Posuír un exemplar dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interior, se existira.
- h) Presentar solicitudes e queixas ante os órganos directivos.
- i) Participar nas actividades e iniciativas que se organicen, así como dos actos sociais colectivos e gozar dos elementos destinados a uso común das persoas socias na forma que, en cada caso, dispoña a Xunta Directiva.
- l) Ser oído/a por escrito, con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e informado/a das causas que motiven aquelas, que só poderán fundarse no incumprimento dos seus deberes como persoas socias.

ARTIGO 30

Son deberes das persoas socias:

- a) Prestar o seu concurso activo para a consecución dos fins da Asociación.
- b) Contribuír ao sostemento dos gastos co pagamento das cotas, derramas e outras achegas que estableza a Asemblea Xeral.
- c) Comportarse con solidariedade na defensa dos intereses sectoriais da Asociación e as súas persoas socias, colaborando no alcance dos obxectivos comúns que sexan fixados pola Asociación.
- d) Acatar e cumprir os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos rectores da Asociación.

SECCION TERCEIRA Réxime sancionador.

ARTIGO 31

As persoas socias poderán ser sancionadas pola Xunta Directiva por infrinxir reiteradamente os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno ou os acordos da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva.

As sancións poden comprender desde a suspensión dos dereitos, de quince días a un mes, ata a separación definitiva, nos termos previstos nos artigos 34 ao 37, ambos inclusive.

A tales efectos, a Presidencia poderá acordar a apertura dunha investigación para que se aclaren aquelas condutas que poidan ser sancionables. As actuacións levaraaas a cabo a Secretaría, que lle

proporá á Xunta Directiva a adopción das medidas oportunas. A imposición de sancións será facultade da Xunta Directiva e deberá ir precedida da audiencia da persoa interesada.

Contra dito acordo, que será sempre motivado, poderá recorrerse ante a Asemblea Xeral, sen prexuízo do exercicio de accións previsto no artigo 29 letra a).

SECCION CUARTA Perda da condición de persoa socia.

ARTIGO 32

A condición de persoa socia perderase nos seguintes casos:

- a) Por falecemento, no caso de persoa física.
- b) Por separación voluntaria, expresada por escrito.
- c) Por separación por sanción acordada pola Xunta Directiva, a causa dun incumprimento grave, reiterado e deliberado dos deberes emanados dos presentes Estatutos e dos acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
- d) Por disolución ou perda da personalidade xurídica, en caso de persoa xurídica.
- e) Por falta de pagamento das posibles cotas existentes durante un período superior a un ano e logo do acordo da Xunta Directiva.
- f) Por non aboar os gastos que produza e lle sexan facturados pola Asociación.
- g) Por imposibilidade de seguir cumprindo coa participación activa na consecución dos fins propios da Asociación.

ARTIGO 33

1. No caso de que unha persoa socia incurriera nun incumprimento grave, reiterado e deliberado dos deberes emanados dos Estatutos e dos acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, a Presidencia poderá ordenarlle á Secretaría a práctica de determinadas dilixencias previas, co obxecto de obter a oportuna información, á vista da cal a Presidencia poderá mandar arquivar as actuacións, incoar expediente sancionador na forma prevista no artigo 31, ou ben, expediente de separación.
2. No caso de incoar expediente de separación, a Secretaría, logo da comprobación dos feitos, enviaralle á persoa interesada un informe comprensivo dos feitos e cargos que se lle imputan, outorgándolle un prazo de 30 días naturais para que alegue na súa defensa o que estime oportuno. Transcorrido dito prazo, todas as actuacións trasladaranse á primeira sesión da Xunta Directiva, a cal acordará o que proceda a través do voto favorable das catro quintas partes das persoas asistentes.
3. O acordo de separación seralle notificado á persoa interesada, comunicándolle que, contra el, poderá presentar recurso ante a primeira Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebre, que, de non convocarse en tres meses, deberá selo para tales efectos exclusivamente. Mentres tanto, a Presidencia poderá acordar que a persoa inculpada sexa suspendida nos seus dereitos como persoa socia e, se formara parte da Xunta Directiva, deberá decretar a suspensión no exercicio do cargo. No suposto de que o expediente de separación se eleve á Asemblea Xeral, a Secretaría redactará un resumo daquel, co fin de que a Xunta Directiva poida darlle conta á Asemblea Xeral do escrito presentado pola persoa inculpada e informar debidamente dos feitos para que a Asemblea poida adoptar o correspondente acordo.
4. O acordo de separación, que será sempre motivado, deberá ser comunicado á persoa interesada, podendo esta recorrer aos Tribunais en exercicio do dereito que lle corresponde, cando estimara que aquel é contrario á Lei ou aos Estatutos.

ARTIGO 34

A persoa que deixa de ser socia perde todos os dereitos que puidera ter na Asociación e non poderá esixir participación patrimonial en razón das cotas efectuadas.

Ao comunicarlle a unha persoa socia a súa separación da Asociación, xa sexa con carácter voluntario ou como consecuencia de sanción, requiriráselle para que cumpra coas obrigas que teña pendentes con aquela, se é o caso.

CAPITULO CUARTO

PERSOAS E ENTIDADES COLABORADORAS

ARTIGO 35

Poderá ostentar a condición de persoa ou entidade colaboradora (en adiante, *persoa colaboradora*) da Asociación calquera persoa física ou xurídica que manifieste e faga efectiva a súa vontade de colaborar coa Asociación mediante o compromiso da súa participación futura na creación dunha Cooperativa de crédito que funcione baixo os criterios da banca ética.

Os dereitos e obrigas das persoas colaboradoras virán regulados polo convenio de Colaboración que subscriban coa Asociación.

As persoas colaboradoras poderán participar nas actividades da Asociación que acorde a Xunta Directiva en cada momento, así como realizar as achegas ou contribucións que estimen oportunas.

As persoas colaboradoras terán o dereito a participar con voz pero sen voto en todas e cada unha das Asembleas Xerais da Asociación, para o cal deberán ser convocadas na mesma forma e tempo cás persoas socias da Asociación e ter á súa disposición a documentación pertinente.

Dada a especialidade territorial das actividades da Asociación, a Xunta Directiva poderá convocar Asembleas de Persoas Colaboradoras en cada unha das zonas da Comunidade Autónoma coa finalidade de informalas acerca da actividade da Asociación e da súa marcha, así como para tratar dos asuntos que sexan do interese das persoas colaboradoras.

CAPÍTULO QUINTO

PATRIMONIO FUNDACIONAL E RÉXIME PRESUPOSTARIO

ARTIGO 36

No momento da súa constitución esta Asociación carece de patrimonio.

ARTIGO 37

Os recursos económicos previstos pola Asociación para o desenvolvemento das actividades sociais, serán os seguintes:

- a) As cotas de entrada que, no seu caso, sinale a Asemblea Xeral.
- b) As cotas periódicas que, no seu caso, acorde a Asemblea Xeral.
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados e doazóns que poida recibir en forma legal.
- d) Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu cerramento terá lugar o 31 de Decembro de cada ano.

Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu reparto entre as persoas socias nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO SEXTO

DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

ARTIGO 38

A modificación dos Estatutos terá que acordarse en Asemblea Xeral convocada especificamente con tal obxecto, cando así o acorde a Xunta Directiva, ben por propia iniciativa ou porque o solicite un terzo (1/3) das persoas socias. En calquera caso, a Xunta Directiva designará unha Ponencia formada por tres persoas socias, co fin de que redacte o proxecto de modificación, seguindo as directrices impartidas por aquela, a cal fixará o prazo no que tal proxecto deberá estar terminado.

ARTIGO 39

Unha vez redactado o proxecto de modificación no prazo sinalado, a Presidencia incluírao na Orde do Día da primeira Xunta Directiva que se celebre, a cal o aprobará ou, no seu caso, devolverallo á Ponencia para unha nova redacción.

No suposto de que fora aprobado, a Xunta Directiva acordará incluílo na Orde do Día da próxima Asemblea Xeral que se celebre, ou acordará convocala para tales efectos.

ARTIGO 40

Á convocatoria da Asemblea xuntaráse o texto de modificación dos estatutos, co fin de que as persoas socias poidan dirixirle á Secretaría as emendas que estimen oportunas, das cales se lle dará conta á Asemblea Xeral, sempre e cando estean en poder da Secretaría con oito días de antelación á celebración da sesión.

As emendas poderán ser formuladas individualmente ou colectivamente, faranse por escrito e conterán a alternativa doutro texto. Tras a votación das emendas, a Asemblea Xeral adoptará o Acordo de modificación estatutaria, o cal só producirá efectos ante terceiros desde que se procedera á súa inscrición no rexistro de asociacións correspondente.

CAPÍTULO SÉTIMO

DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓNS E APLICACIÓN DO PATRIMONIO SOCIAL

ARTIGO 41

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por vontade das persoas socias, expresada en Asemblea Xeral de conformidade ao establecido no artigo 14.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.

ARTIGO 42

No caso de disolución da Asociación, a Asemblea Xeral que acorde a disolución nomeará unha Comisión Liquidadora composta por 3 persoas membros extraídas da Xunta Directiva, que se fará cargo dos fondos que existan.

Unha vez satisfeitas as obrigas sociais fronte ás persoas socias e fronte a terceiras persoas, o patrimonio social sobrante, se o houberse, será entregado a outros colectivos cuxos obxectivos, misión e visión sexan acordes co obxecto desta asociación, aos efectos de que sexa empregado na consecución de fins análogos aos previstos para esta Asociación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As persoas membros da Xunta Directiva que figuran na Acta de Constitución designadas con carácter provisional, deberán someter o seu nomeamento á primeira Asemblea Xeral que se celebre.

DISPOSICIÓN FINAL

A Asemblea Xeral poderá aprobar un Regulamento de Réxime Interior, como desenvolvemento dos presentes Estatutos, que non poderá contradicir, en ningún caso, as prescricións contidas neles.